

Informe sobre viabilidade da implantación dunha instalación de tratamento e xestión de residuos de biomasa de procedencia forestal para a súa transformación en pellets de madeira en solo rústico (Concello de Brión – Expediente XCP-24/002)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 10.01.2024 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2024/71405) oficio do alcalde de Brión no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"A presente consulta ten que ver coa viabilidade de implantar unha instalación, concretada dentro dunha construción para tal fin, e sobre terreos de natureza rústica. A instalación tería por obxecto acoller unha actividade de tratamento e xestión de residuos de biomasa, de procedencia forestal, para a conversión deste material residual a transformar en "pellets de madeira". En consecuencia, formulase a consulta sobre a aplicación do artigo 35 da vixente lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e de xeito concreto sobre a viabilidade de encadrar esta actividade dentro do apartado primeiro, letra m):

m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Brión conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente o 26.06.2003, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 131, do 08.07.2003 e a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 161, do 15.07.2003.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte no seu apartado 2:

"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:



[...]

d) *Ao solo non urbanizable ou solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico*”.

En consecuencia, ao solo rústico de Brión aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

TERCEIRA.- A consulta municipal versa sobre a viabilidade de implantar unha instalación de tratamento e xestión de residuos de biomasa, de procedencia forestal, para a conversión deste material residual a transformar en pellets de madeira en solo rústico.

A este respecto, cómpre ter en conta que o artigo 35.1.m) da LSG, na redacción dada pola *Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, contempla entre os usos admisibles no solo rústico as *“instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren”*.

Para os efectos de analizar o encaixe da actividade pretendida no artigo 35.1.m) da LSG, procede acoutar, en primeiro lugar, o concepto de “residuos”, sendo necesario acudir, para tal fin, á normativa sectorial aplicable, en concreto, á *Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*.

Así, no seu artigo 2, apartado al), defínese “residuo” como calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor refugue ou teña a intención ou a obriga de refugar, concretando no seu apartado ao) que serán residuos agrarios e silvícolas *“os residuos xerados polas actividades agrícolas, gandeiras e silvícolas”*.

Sentado o anterior, convén precisar o concepto de “tratamento e xestión” de residuos para acoutar as operacións incluídas no mesmo. Novamente debemos acudir ás definicións efectuadas polo artigo 2 da *Lei 7/2022, de 8 de abril*, segundo o cal enténdese por tratamento de residuos *“as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación”* (apartado az) e por xestión de residuos *“a recollida, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a clasificación e outras operacións previas; así como a vixilancia destas operacións e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros. Inclúense tamén as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente.”* (apartado an).

En atención ao exposto, cabe concluír que as instalacións de tratamento e xestión de residuos de biomasa de procedencia forestal para a súa transformación en pellets de madeira poden encadrarse no uso previsto no citado artigo 35.1.m) da LSG.

CUARTA.- En todo caso, a actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG é obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente, sendo competencia exclusiva do concello a súa tramitación, de acordo co establecido no artigo 25.2. a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.



Será o concello o que en cada caso concreto debe valorar, á vista do proxecto e/ou documentación obrante no expediente municipal, se a actuación prevista e para a que se pretende obter o título habilitante de natureza urbanística que corresponda, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente

CONCLUSIÓN

1. O artigo 35.1.m) da LSG contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico as instalacións e infraestruturas de xestión e tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
2. As instalacións de tratamento e xestión de residuos de biomasa de procedencia forestal para a súa transformación en pellets de madeira poden encadrarse no uso previsto no citado artigo 35.1.m) da LSG.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.